

SUXERENCIAS ABAU por temas

TEMA 1: O PLANETA TERRA E O SEU ESTUDIO

Interpretación de cortes xeolóxicos: indicando os tipos de contactos, recoñecendo aureolas de metamorfismo, diques, sills, terrazas fluviais, tipos de fallas (directas=distensión, inversas=compresión), recoñecer oroxenias en función do contido fósil

TEMA 2. MINERAIS

- Diagramas de fases
- Propiedades dos minerais
- Isomorfismo, polimorfismo
- Clasificar minerais por grupo aniónico
- Características silicatos
- Procesos formadores de xacementos minerais

3. Emparella (na folia de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto).

1) Feldespato. 2) Grafito. 3) Fluorita. 4) Piritita. 5) Blenda. 6) Hematites. 7) Halita. 8) Casiterita. 9) Dolomita. 10) Xeso.
A) Elementos nativos. B) Haloxenuros. C) Sulfuros e sulfosales. D) Óxidos e hidróxidos. E) Sulfatos. F) Carbonatos.
G) Silicatos.

3. Relaciona os seguintes minerais (números) cunha característica (letras) (1 punto).

1) Diamante. 2) Halita. 3) Casiterita. 4) Seixo. 5) Olivino. 6) Calcita. 7) Biotita. 8) Cinabrio. 9) Calcopirita.
10) Hematites (olixisto).

A) Exfoliación perfecta en láminas. B) Dureza 10. C) Soluble en auga. D) Efervescencia con clorhídrico. E) Mena de mercurio. F) Cor verde. G) Mena de cobre. H) Industria do ferro. I) Fibra de vidro. K) Mena de estaño.

TEMA3 ROCHAS. MAGMATISMO

- Ciclo xeolóxico
- Factores na formación dun magma
- Relación do magmatismo (magma basáltico, andesítico e granítico) coa tectónica de placas
- Magmas e rochas magmáticas acidas, intermedios, básicas, ultrabásicas
- Propiedades dos magmas
- Diagrama de Streckeisen= non.
- Estruturas magmáticas concordantes e discordantes. Recoñecelas a partir dun debuxo.

3. Emparella (na folia de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto):

1) Entre 45 %-55 % de sílice. 2) Máis do 65 % de sílice. 3) Orixina basaltos. 4) Orixina gabros. 5) Orixina granitos.
6) Orixina riolitas. 7) É moi viscoso. 8) É moi fluído. 9) Alcanza facilmente a superficie terrestre. 10) Xeralmente solidifica no interior da codia terrestre.
A) Magma básico. B) Magma ácido.

TEMA 4: SEDIMENTARIAS. PROCESO SEDIMENTARIO

- Proceso Kárstico
- Meteorización do granito
- Estruturas sedimentarias

- *Facies sedimentaria: regresión e transgresión mariñas*
- *Ciclotema hullero*
- *Carbonización*

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Define termoclastia e crioclastia (xelifración), indicando en que tipo de clima se producen.
- 1.2. Explica o proceso de formación do “karst”.
- 1.3. En relación aos procesos gravitacionais, explica en que consisten reptación e solifluxión.

3. Relaciona as seguintes rochas sedimentarias (números) co seu subgrupo (letras). Unha letra pode corresponder a máis dun número (1 punto).

- 1) Turba. 2) Arxilita. 3) Lignito. 4) Brecha. 5) Calcaria. 6) Dolomía. 7) Xeso. 8) Pudinga. 9) Limolita. 10) Arenita.
A) Detrítica. B) Carbonatada. C) Evaporítica. D) Organóxena.


TEMA 5: METAMORFISMO. ROCHAS METAMÓRFICAS

- *Metamorfismo rexional asociado as zonas de subdución*
- *Facies metamórficas*
- *Minerais índice: xeotermómetros e xeobarómetros.*

TEMA 6: TECTÓNICA DE PLACAS. DEFORMACIÓN DAS ROCHAS

2. Observa a figura adxunta e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

2. 1 Indica que tipo de bordo de placa se corresponde coas imaxes A, B, C e D e cita un exemplo representativo de tipo de bordo.
2. 2. Indica que tipo de litosfera se forma na figura C e o significado das frechas nesa zona.
2. 3. Explica que tipo bordo está representado na imaxe D e con que tipo de oróxeno se corresponde.




1. Responde as seguintes cuestións relacionadas coa tectónica de placas (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica en qué consiste a teoría da deriva continental.
- 1.2. Define placa litosférica.
- 1.3. Explica en qué consiste o plano de Benioff.

2. Observa a figura inferior e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

2. 1. Asocia os números cos seguintes termos: astenosfera, falla transformante, fosa oceánica, dorsal oceánica, litosfera oceánica.
2. 2. Describe os procesos de formación de magma na figura A.
2. 3. Na figura B, indica a qué tipo de borde de placa corresponde e que procesos xeolóxicos se producen nesa zona.




1. Responde as seguintes cuestións relacionadas coa tectónica de placas (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica en qué consiste a teoría da deriva continental.
- 1.2. Define *punto quente*.
- 1.3. Explica as diferenzas entre un oróxeno andino e un oróxeno alpino.


2. Observa a figura inferior e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

2. 1. Asocia as letras maiúsculas (da A ao E) aos seguintes termos: falla transformante, cordia oceánica, fosa oceánica, dorsal oceánica, litosfera oceánica.
2. 2. Indica que procesos xeolóxicos se producen na zona 1.
2. 3. Describe como se forma un arco de illas como o que aparece sinalado co número 2.



2. Observa a figura adxunta e responde as seguintes cuestións (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 2.1. Indica que tipo de límites se establecen entre as placas tectónicas que corta a liña A – B.
- 2.2. Indica onde se localizan os hipocentros ou focos sísmicos máis profundos e por que.
- 2.3. En que zonas da recta A – B se produce magmatismo e cales son as causas deste?




1. Responde as seguintes cuestións relacionadas coas deformacións das rochas (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Explica os tipos de deformación elástica, plástica e rixida.
- 1.2. Explica como se diferencia un anticlinal dun sinclinal, e unha falla dunha diaclasa.
- 1.3. Define buzamento e dirección en relación a un prego.

Exemplo de pregunta 2 para a opción A: Interpretación de esquema de tectónica de placas

2. 1 Asocia as letras maiúsculas da Figura 1 (da A ao E) aos seguintes nomes: dorsal oceánica, arco illa, litosfera, astenosfera, zona de subdución. (1 punto)
2. 2. Indica a orixe e a composición do magma que se forma nas zonas 1 e 2. (1 punto)
2. 3. Explica como é o límite de placas na zona sinalada coa letra E, e cita os procesos xeolóxicos asociados a este tipo de bordo de placa. (1 punto)



3. Emparella (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda. Unha letra pode corresponder a máis dun número (1 punto):

- 1) Dorsal oceánica. 2) Arco illa. 3) Zona de subdución. 4) Plano de Benioff. 5) Fallas transformantes. 6) Rift. 7) Fallas directas. 8) Prisma de acreción. 9) Fosa oceánica. 10) Fallas inversas.
- A) Límite diverxente. B) Límite converxente. C) Límite conservativo

TEMA 7: PROCESOS XEOLÓXICOS EXTERNO. XEOMORFOLOXÍA

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Con relación a un glaciar de montaña describe: circo glaciar, lingua glaciar e morenas.
- 1.2. Define diaxénese e os procesos dos que consta.
- 1.3. Describe polo menos 4 factores que inflúen na formación do solo.

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos (3 puntos, 1 punto por cuestión):

- 1.1. Dadas as seguintes formas do modelado litoral, descríbeas e sinala cales son debidas a procesos de erosión e cales a sedimentación: rasa, frecha, marisma, delta e farallón.
- 1.2. Describe os procesos de meteorización química nos que intervén a auga.
- 1.3. Describe as propiedades de textura e estrutura do solo.

TEMA 8: TEMPO XEOLÓXICO E XEOLOXÍA HISTÓRICA

- Descontinuidades estratigráficas
- Principais fósiles característicos

TEMA 9: RISCOS XEOLÓXICOS

- Factores de risco
- Magnitude e intensidade dun seismo
- Movementos de ladera

TEMA 10: RECURSOS XEOLÓXICOS

- Acuíferos: estrutura, tipos.
- Recursos xeolóxicos galegos: relacionar minerais/menas/metais

TEMA 11: XEOLOXÍA DE ESPAÑA E GALICIA

- Características dominios macizo ibérico

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Nunha dobra _____ os estratos máis antigos están no centro ou núcleo.
- 5.2. Os sedimentos transfórmanse en rochas sedimentarias mediante a _____.
- 5.3. Os magmas ácidos ou félsicos teñen unha porcentaxe _____ de sílice.
- 5.4. A madurez _____ dun sedimento refírese ao grao de redondeamento e á uniformidade do tamaño que presentan os clastos.
- 5.5. A ruptura dun continente comeza coa formación dun _____ continental.

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. A descompresión provoca a aparición de fracturas no granito, denominadas _____.
- 5.2. Un _____ é un corpo intrusivo tabular formado polo recheo das fracturas que atravesan as rochas encaixantes.
- 5.3. O Macizo Ibérico está formado por materiais afectados pola Oroxenia _____.
- 5.4. No metamorfismo de contacto o factor físico máis importante é a _____.
- 5.5. Nunha dobra _____ os estratos máis recentes están no centro ou núcleo.

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Nunha erupción volcánica poden desprenderse tres tipos de produtos: gases, lava e _____.
- 5.2. No metamorfismo de contacto o factor físico máis importante é a _____.
- 5.3. A unidade estrutural básica dos silicatos vén dada por un átomo de silicio central, unido a catro átomos de osíxeno que ocupan os vértices dun _____ imaxinario.
- 5.4. A _____ é a resistencia que opoñen os minerais a ser raiados.
- 5.5. A infiltración de auga no terreo depende da porosidade e _____.

5. Copia as seguintes frases no caderno de exame, completando cada unha coa palabra que falta (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Os minerais da clase _____ pódense recoñecer porque ao botarlles ácido clorhídrico reaccionan producindo efervescencia.
- 5.2. Unha areíscas rica en cuarzo sometida a metamorfismo transfórmase nunha _____.
- 5.3. A fórmula FeS_2 corresponde ao mineral _____.
- 5.4. Os _____ son as rochas magmáticas extrusivas que forman a parte superior da codia oceánica.
- 5.5. A erosión _____ dá lugar a vales con forma de artesa.

5. Completa (no caderno de exame) cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. O diamante e o _____ son minerais polimorfos do carbono.
- 5.2. A _____ é a resistencia que opoñen os minerais a ser raiados.
- 5.3. A intensidade dun sismo represéntase por medio da escala de _____, elaborada en función dos danos orixinados.
- 5.4. O equivalente volcánico do _____ é o basalto.
- 5.5. No metamorfismo de contacto o factor físico máis importante é a _____.

3. Emparella (no caderno de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto)

- 1) Batolito. 2) Ecloxita. 3) Dique. 4) Estratificación cruzada. 5) Lapilli. 6) Sill. 7) Lavas almofadadas. 8) Rizaduras. 9) Lousa. 10) Duna.
- A) Grao metamórfico baixo. B) Intrusión concordante. C) Estrutura sedimentaria. D) Piroclasto. E) Intrusión discordante. F) Erupción submarina. G) Grao metamórfico alto.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Solo – Epicentro – Lava – Cretácico.

5. Completa (no caderno de exame) cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. O metamorfismo no que se producen cambios químicos denomínase _____.
- 5.2. Os magmas ácidos ou félsicos teñen unha porcentaxe _____ de sílice.
- 5.3. SiO_2 é a fórmula do mineral _____.
- 5.4. Cando os minerais dunha rocha metamórfica presentan unha orientación planar dise que teñen _____.
- 5.5. A magnitude dun sismo represéntase por medio da escala de _____, elaborada en función da enerxía liberada.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Falla – Facie metamórfica - Reptación – Morena

5. Completa cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. A materia _____ é aquela que, en estado sólido, presenta unha disposición ordenada dos átomos ou ións que a forman.
- 5.2. O diamante e o grafito son minerais _____ do carbono.
- 5.3. Nunha rocha sometida a _____ pódense producir transformacións na composición mineralóxica, na textura ou na estrutura.
- 5.4. A enerxía interna do planeta é a responsable dos movementos de _____ no interior da Terra.
- 5.5. Os magmas _____, cunha baixa porcentaxe de sílice, dan lugar a lavas fluídas, orixinando erupcións efusivas.

3. Emparella (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda (unha letra pode corresponder a máis dun número) (1 punto)

- 1) Lousa. 2) Limolita. 3) Gabro. 4) Arenita. 5) Dolomía. 6) Granito. 7) Basalto. 8) Anfibolita. 9) Andesita. 10) Turba.
- A) Magmática (ou ígnea) plutónica, B) Magmática (ou ígnea) volcánica, C) Metamórfica, D) Sedimentaria.

4. Define os seguintes termos (2 puntos, 0,5 puntos/definición):

Mineral – Hipocentro – Magma – Xurásico.

5. Completa cunha palabra cada unha das seguintes frases (1 punto, 0,2 puntos/frase):

- 5.1. Unha propiedade física característica das micas é a _____ perfecta en láminas.
- 5.2. A _____ é a resistencia que opoñen os minerais a ser raiados.
- 5.3. PbS é a fórmula do mineral _____.
- 5.4. As calizas sometidas a metamorfismo transfórmanse en _____.
- 5.5. A magnitude dun sismo represéntase por medio da escala de _____, elaborada en función da enerxía liberada.

Pregunta 3. Emparella (na folla de exame) cada número da primeira lista cunha letra da segunda. (1 punto)

- 1: Xisto. 2: Arxilita. 3: Granito. 4: Conglomerado. 5: Calcarea. 6: Gabro. 7: Basalto. 8: Anfibolita. 9: Riolita. 10: Lignito.
- A: Magmática (ou ígnea) plutónica. B: Magmática (ou ígnea) volcánica. C: Metamórfica. D: Sedimentaria.

Pregunta 4. Define os seguintes termos (2 puntos):

- 4.1. Polimorfismo
- 4.2. Anticlinal
- 4.3. Nivel freático
- 4.4. Fósil guía

Pregunta 5. Forma cinco frases correctas e con significado xeolóxico, empregando un termo de cada unha das tres columnas en cada frase (1 punto). **NOVO**

magnitude	permeabilidade	dureza
brecha	filosilicato	freático
acuífero	carbono	Richter
diamante	sismo	detrítica
mica	sedimentaria	exfoliación